



O ORGANISMO AUTÓNOMO DE TURISMO TEN POR OBXETO:

- Promove-la presenza activa de Cangas no mercado turístico, procurando a coordinación dos sectores interesados no desenvolvemento das correntes turísticas, tanto de importación como de exportación, que chegan, pasan ou parten da vila.
- Estudiar a participación da industria turística local, así como planear e programa-las accións máis eficaces para a solución dos seus problemas.
- Analiza-las condicións de operación e as circunstancias en que se desenvolven os servizos turísticos, proponendo medidas que permitan a máis adecuada relación prezo-calidade
- Potencia-los recursos, bens e servizos que amplien e multipliquen a oferta turística local.
- Promove-la comercialización de produtos (paquetes turísticos) e outras ofertas especiais capaces de incidir favorablemente no mercado turístico local.
- Organizar misións comerciais e campañas de promoción tanto a nivel nacional como internacional.
- Favorece-los proxectos, xa sexan oficiais ou privados, que tendan a potenciar e extende-la participación cidadán no uso e disfrute do tempo libre e as actividades culturais e recreativas relacionadas coa acollida ou recepción de visitantes doutras rexións e países.
- Apoiar e fomenta-la creación de infraestruturas e instalacións públicas e privadas que permitan levar a cabo todo tipo de actividades culturais e recreativas relacionadas con visitantes e turistas.
- Producir materiais apropiados (folletos, libros, revistas, carteis, etc) adicados a divulgar-los recursos, os bens e os servizos turísticos de Cangas.
- Solicitar das autoridades e organismos competentes a tramitación de concertos económicos, así como a concesión de aportacións e créditos necesarios para o financiamento de campañas de promoción e desenvolvemento.
- Realizar campañas de educación cidadán, relacionadas con aspectos socioculturais do turismo e a recepción masiva de visitantes.
- Promove-lo desenvolvemento de "Turismo para todos", elemento fundamental de uso e conservación do patrimonio público e da satisfacción das necesidades sociais da comunidade.
- Estudia-la lexislación actual, asesorando e proponendo os organismos competentes as medidas que consideren oportunas nese terreno.
- Promoción e divulgación da conservación do patrimonio natural e histórico-artístico do Concello.
- Calquera outra iniciativa que redunde en beneficio do desenvolvemento da competencia municipal en materia de turismo.